



TerraZeando. Ciclo de concertos ao fresco.

TerraZeando é o ciclo estival da Asociación Desconcierto Cultural co que pretende aproveitar lugares especiais que raramente son empregados na música en directo. Espazos que por si mesmos son capaces de amplificar as emocións e sensacións xa xeradas por un concerto. Terrazas, parques e espazos singulares de Compostela que polo seu magnetismo dan lugar a noites inesquecibles.

O ciclo volve neste 2018, na súa sétima tempada, cun bo feixe de propostas apaixonantes, xa que temos a retrosicodelia de **Baywaves**, a tensión dos portugueses **Dear Telephone**, o pop canónico de **Exnovios**, o sixtie progresivo de **Los Reyes Magos**, ou o espírito festivo de **Alberto & García**. E, por suposto, unha excelsa representación da terra co garaxe gamberro de Kings of The Beach e o folk de Helen & Shanna.

Todos os concertos do ciclo son gratuítos grazas ao traballo desinteresado dos socios de Desconcierto Cultural, ao apoio do **Concello de Santiago de Compostela**; ao dos nosos patrocinadores: Cervezas Alhambra, Vermú Lodeiros e Grupo Reboreda Morgadío; ao dos colaboradores: Hotel Costa Vella e NH Collection Santiago e, por suposto, aos espazos nos que levamos a cabo os concertos.

Todos os concertos son ás **21:00h**.

O autor de toda a obra gráfica do ciclo é o deseñador Jorge Vicente Díaz e pode ser descargada [aquí](#).

Resumo de datas, espazos e artistas

- Martes 22 de xuño | Praciña do Olvido | Baywaves + Kings of the Beach

Kings of the Beach (Vigo): diversión e risco. Así son os directos de Kings of the Beach, un trallazo enérxico de garaxe e punk rock co que poden mirar aos ollos a referentes do xénero como Fidler ou Together Pangea.

Enlaces: [Cartaz](#) | [Imaxe 1 2](#) | [Vídeo](#) | [Bandcamp](#)

Baywaves (Madrid): referentes da nova xeración de bandas españolas con composicións de psych-pop colorido e ácido como resultado dunha amalgama de influencias e con repercusión en medios internacionais e presenza en todos os grandes festivais, como Primavera Sound, FIB ou NOS Alive.

Enlaces: [Imaxe 1](#) | [Vídeo](#) | [Bandcamp](#)

- Mércores 04 de xullo | Hotel O Jardín de Xulia | Dear Telephone (Portugal)

Dende Barcelos e liderados pola magnética Gracia Coelho, a banda portuguesa ofrece dream pop, rock experimental, electrónico minimalista...as etiquetas so confunden, o mellor é deixar espertar os sentidos.

Enlaces: [Cartaz](#) | [Imaxe](#) | [Vídeo](#) | [Bandcamp](#)

- Mércores 11 de xullo | NH Collection Santiago | Los Reyes Magos (Sevilla)

Un dos fitos do próximo outono será a publicación do disco de debut da banda sevillana. Facturando un pop psicodélico que poder recordar a Los Brincos, noutros intres a bandas de corte progresivo e, de súpeto, a uns Lori Meyers pasados de ácido, estamos ante un novísimo grupo que deixará impronta na noite compostelá.

Enlaces: [Cartaz](#) | [Imaxe](#) | [Vídeo](#) | [Bandcamp](#)

- Mércores 18 de xullo | Hotel Costa Vella | Exnovios (Pamplona)

Dende Pamplona con desamor, Exnovios editaban a finais do ano pasado no selo "Nébula" o seu segundo disco, "Amor Droga". Nel misturan o son reverberado de bandas como Brian Jonestown Massacre ou Spiritualized con melodías que evocan ao pop ibérico dos anos 60 nunha mestura altamente aditiva.

Enlaces: [Cartaz](#) | [Imaxe](#) | [Vídeo](#) | [Bandcamp](#)

- Xoves 26 de xullo | Xardín do Pazo de Amarante | Helen & Shanna + Alberto & García

Helen & Shanna (A Garda): Unha xema preciosa agochada no suroeste galego. Un dúo cheo de personalidade e excelentes cancións nas que evocan experiencias propias que se moven en diferentes atmosferas íntimas, pasionais, psicodélicas e festivas que transmiten sentimento e resentimento alterando a percepción do tempo.

Enlaces: [Cartaz](#) | [Imaxe](#) | [Vídeo](#) | [Bandcamp](#)

Alberto & García (Oviedo): é un segredo a voces que todos queremos ser asturianos, e Alberto & García fan que aínda teñamos máis ganas. Cunha sobresaínte mestura dos sons máis clásicos do pop con estilos tan diversos como a música de baile e a electrónica co soul ou o folclore sudamericano, a banda, con formación de sete membros, ten un directo imbatible.

Enlaces: [Imaxe 1](#) | [Vídeo](#) | [Spotify](#)

Terra **Z**eando

CICLO DE CONCERTOS AO FRESCO

Xuño - Xullo 2018 Santiago de Compostela

Comezo 21.00h / Acceso gratuito ata completar aforo

terrazeando.com

26.06 **Baywaves / Kings Of The Beach**

Praciña do Olvido

04.07 **Dear Telephone**

O Xardín de Julia

11.07 **Los Reyes Magos**

NH Collection Santiago

18.07 **Exnovios**

Costa Vella

26.07 **Alberto & García / Helen & Shanna**

Xardín do Pazo de Amarante



Colaborador institucional



Patrocinan



fundación saae

LODEYROS
belegras



Colaboran

